

2.4. Eixe 4. Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno

A sociedade da información está a mudar todos os negocios tradicionais cara a unha produción de bens e servizos a medida e cunha demanda moito máis esixente e informada grazas ao uso das TIC. Resulta preciso por tanto, contar coas infraestruturas axeitadas, fomentar as competencias dixitais entre a cidadanía e adaptar os sistemas produtivos e canais de venda das empresas a estas novas tecnoloxías para aproveitar todas as vantaxes que poñen ao noso alcance.

É necesario o impulso do autogoberno, da lingua e da cultura de Galicia como fontes de riqueza e elementos básicos da identidade da comunidade autónoma. Resulta estratéxico para o progreso como rexión procurar a dinamización e fomento da cultura galega, a normalización e o impulso do idioma galego como medio para protexer e fomentar a identidade cultural de Galicia, o desenvolvemento social, o crecemento económico e o diálogo intercultural.

O progreso de Galicia nos últimos lustros garda un forte vencello co desenvolvemento da súa autonomía, polo que é preciso seguir impulsando as institucións autonómicas para situar a nosa rexión entre as máis desenvolvidas de Europa e como modelo de comunidade autónoma seria, estable, solvente financeiramente e solidaria co resto.

Hai que lembrar que Europa atópase nun intre crucial para a súa construción e desenvolvemento, no que unha rexión excéntrica debe asumir un papel actor para compensar a súa distancia dos centros de decisión e facer valer os intereses dos seus sectores produtivos e da súa cidadanía. O éxito de tal encomenda sen dúbida debe achegar importantes dividendos á nosa rexión.

O eixe 4 artículase en tres Prioridades de actuación:

- Desenvolvemento da economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información
- Conservación e promoción da riqueza cultural de Galicia
- Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorrexión e o resto do Estado

2.4.1. Desenvolvemento da economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información

EIXE 4 SOCIEDADE DIXITAL, LINGUA, CULTURA E REFORZO DO PESO DE GALICIA NO SEU ENTORNO	
Prioridade de actuación	PA.4.1: Desenvolvemento da economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información.
Retos estratéxicos	<p>Desenvolver a Axenda dixital en Galicia cara a acadar os seguintes obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Competencia dixital da cidadanía como base esencial para un emprego de calidade, a cohesión social e a calidade de vida. ■ Cambio profundo do modelo produtivo para conseguir unha economía sustentable e innovadora, a través do uso intensivo das TIC. ■ A transformación e articulación dos axentes do sector TIC para convertelo en sector estratéxico de futuro e tractor do resto de sectores clave para Galicia. ■ O despregamento de infraestruturas de telecomunicación para a vertebración territorial e como catalizador da innovación e a captación de investimento. <p>Progresiva implantación ata o 100 % da Administración electrónica en todos os niveis administrativos, e na Administración de xustiza, que permita a simplificación burocrática da xestión, facilidade na tramitación dos asuntos, interrelación entre as distintas administracións e destas cos administrados, etc.</p> <p>Progresiva extensión ao 100 % da poboación, sobre todo á maior e rural, das TIC como resposta aos problemas demográficos de Galicia e á extensión dos servizos sociais nunha poboación dispersa e envellecida.</p> <p>Promover o emprego no sector TIC entre a mocidade galega, procurando as condicións para o retorno daqueles que estean ocupando postos de traballo no estranxeiro en actividades relacionadas coas TIC.</p> <p>Progresiva implantación das TIC no conxunto dos sectores produtivos de Galicia, para dar cobertura ás necesidades técnicas de empresas e autónomos/as e un acceso eficiente á economía global.</p> <p>Progresiva implantación de plataformas de servizos para dar cobertura aos distintos colectivos sociais demandantes: maiores, estudantes, emprendedores, internacionalización, etc.</p> <p>Incentivar a creación e implantación en Galicia de proxectos e iniciativas relacionados coas novas tecnoloxías e a súa aplicación práctica ao conxunto da sociedade e da economía galegas.</p> <p>Garantir o progreso da cultura galega, a normalización e o impulso do idioma galego como medio para protexer e fomentar a identidade cultural de Galicia, o desenvolvemento social, o crecemento económico e o diálogo intercultural.</p> <p>Impulsar a participación, consolidación e cooperación das empresas e profesionais na produción, creación, conservación, difusión e comercialización do patrimonio cultural galego, nun mercado dinámico, sustentable e plural que fomente a participación cidadá e remova os obstáculos que poden dificultar o acceso á cultura, especialmente dos colectivos menos favorecidos.</p>

Retos estratéxicos	<p>Fomentar a demanda de produtos culturais na sociedade galega co fin de promover a orientación ao mercado das empresas, mellorar a viabilidade dos seus proxectos, achegar recursos propios e aumentar o peso relativo do sector no sistema produtivo galego.</p> <p>Potenciar os programas de investigación e desenvolvemento cultural, mellorando a calidade e diferenciación dos produtos, a axilidade no servizo prestado e a creación de valor engadido na economía dixital.</p> <p>Estreitar a coordinación entre as administracións públicas con competencias na materia e os axentes privados para aproveitar as sinerxías, incrementar a posibilidade de financiamento e acadar unha maior calidade e eficiencia na acción cultural.</p> <p>Favorecer a creación e produción artística e cultural das mulleres e a súa difusión, adoptando medidas de acción positiva destinadas a combater a discriminación de xénero.</p> <p>Apostar por contar cun medio audiovisual en Galego que sirva de plataforma para a dinamización cultural o apoio á industria audiovisual e o desenvolvemento da SI, dentro das posibilidades orzamentarias da comunidade autónoma</p>
Planificación sectorial	<p>Estratexia da cultura galega 2015-2020 (en proceso de elaboración).</p> <p>Plan estratéxico do Audiovisual Galego 2016-2020</p> <p>Plan de dinamización cultural e impulso das industrias culturais (en proceso de elaboración).</p> <p>Axenda Dixital de Galicia.</p> <p>Estratexia Galega de Crecemento Dixital.</p> <p>Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3); Plan de administración e goberno dixitais. Horizonte 2020; Plan e-xustiza; Plan para o fomento da educación dixital; Plan de modernización dos servizos sociais; Plan de inclusión dixital de Galicia 2020; Plan smart turismo; Plan para a xestión dixital do patrimonio; Plan para a modernización da xestión territorial; Pacto dixital; Programa transforma TIC; Plan peme dixital; Plan para a calidade e seguridade de infraestruturas críticas; Plan banda larga ultrarrápida Galicia 2015-2020.</p> <p>Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020.</p>
Programas de gasto	<p>432B, 432C, 461A, 461B, 571A.</p>

Título do Obxectivo estratéxico	OE 4.1.01: Aumentar a oferta e o consumo da cultura mediante accións de dinamización cultural planificada e a través das actividades da industria cultural e creativa galega.
Diagnóstico	As industrias culturais son elementos vehiculares da transmisión e proxección da identidade cultural e un compoñente básico para impulsar o crecemento desde a innovación e a creatividade. Hai preto de 6.000 empresas con actividade principal no sector cultural que xeran 24.000 postos de traballo que supoñen o 4,9% do total do Estado.
Necesidades Retos	Impulsar os procesos de creación cultural en todos os ámbitos da cultura. Fomentar a demanda e o consumo cultural mediante liñas de actividade que estimulen o acceso aos ben culturais. Promover a cultura dixital en todos os niveis do proceso cultural: creación, produción, oferta, demanda e consumo da cultura.
Resultados que se pretende conseguir	Aumento da actividade creativa e mellora en cantidade e calidade da oferta das industrias culturais galegas. Mellora da súa competitividade, no mercado interior e de cara ao exterior, e da rendibilidade dos axentes e das empresas do sector cultural.
Indicador de resultado	IR 4.1.01: Número de asistentes aos actos culturais que integran as programacións promovidas pola Xunta de Galicia.
Planificación relacionada co obxectivo	Estratexia da cultura galega 2015-2020 (en proceso de elaboración). Plan de dinamización cultural e impulso das industrias culturais (en proceso de elaboración).
Principais liñas de actuación	Estimular a oferta de contidos nos ámbitos da cultura e a demanda de ditos contidos por parte da cidadanía. Fortalecer o tecido cultural de base e o tecido das industrias culturais e creativas galegas. Desenvolver desde a Cidade da Cultura de Galicia un programa interdisciplinar de acción cultural contemporánea; e impulsar unha estratexia de innovación do sistema cultural e creativo da nosa comunidade.
Principais indicadores de produtividade	Número de actuacións e programacións culturais desenvolvidas. Número de axudas concedidas ás artes escénicas, á música e ao sector audiovisual.
Programas de gasto	432B: Fomento das actividades culturais. 432C: Fomento do audiovisual.

Título do Obxectivo estratéxico	OE 4.1.02: Potenciar a comunicación social como instrumento de difusión da información e fomentar o acceso ás novas tecnoloxías dixitais.
Diagnóstico	En Galicia coexisten actualmente xornais nacionais e galegos. Adicionalmente existen xornais sen datos de difusión, que escriben en castelán ou en galego. No ámbito radiofónico o escenario é similar ao nacional, ademais da presenza da radio Galega e outras dependentes de empresas editoras dos xornais escritos. Tamén existen radios sen difusión medida en áreas territoriais localizadas. No que se refire ás televisións, coexisten as grandes cadeas nacionais coa TVG, V Televisión e as televisións de ámbito local.
Necesidades Retos	Apoiar aos medios de comunicación social como entidades que prestan un servizo de subministro de información. Fomentar o uso das novas tecnoloxías nos medios de comunicación e en consecuencia pola cidadanía. Aumentar o uso da lingua galega nos medios de comunicación e mellorar a formación e apoio ás políticas educativas.
Resultados que se pretende conseguir	A cidadanía de Galicia debe recibir información plural, actualizada, accesible e veraz das actuacións, eventos e situacións que sexan do seu interese, incrementándose o uso da lingua galega nos medios de comunicación.
Indicador de resultado	
Planificación relacionada co obxectivo	
Principais liñas de actuación	Accións de dinamización e consolidación do sector da comunicación. Fomento do uso das novas tecnoloxías. Actuacións de apoio ás políticas educativas. Fomento do uso da lingua galega no ámbito da comunicación social.
Principais indicadores de produtividade	Axudas concedidas aos medios de comunicación social. Convenios asinados.
Programas de gasto	461A: Cobertura informativa e apoio á comunicación social.

Título do Obxectivo estratéxico	OE 4.1.03: Modernizar os servizos de comunicación e facilitar o acceso da poboación aos mesmos.
Diagnóstico	O sector das comunicacións está sometido a un proceso de permanente innovación tecnolóxica, necesitando de constantes investimentos. Canto máis dispersa estea a poboación, maior é o custo de despregar a infraestrutura para prover á cidadanía do servizo público. En Galicia atopamos zonas rurais desfavorecidas e importantes diferenzas no acceso aos servizos de comunicación: por cable, radiodifusión sonora, TV dixital terreal e por satélite.
Necesidades Retos	Diminuír a curto e medio prazo as diferenzas territoriais de acceso aos servizos de comunicación. Dotar de medios económicos complementarios á Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. co fin de dar viabilidade ao funcionamento das actividades que lles son propias, así como facilitarlle os medios materiais e técnicos suficientes para manter operativas as redes de televisión e radio institucionais e lograr unha cobertura de recepción que chegue a todo o territorio de Galicia.
Resultados que se pretende conseguir	O despregamento das infraestruturas de comunicación de acordo cos principios de seguridade nas instalacións, dos usuarios/as e do público en xeral, garantindo a máxima calidade do servizo. A competitividade da CRTVG co fin de contribuír á formación dunha opinión pública informada, garantindo os valores de independencia, obxectividade e veracidade da información e de xeito que cumpra a súa función de instrumento de normalización da lingua galega, reforzamento da identidade do pobo galego e promoción da cultura galega
Indicador de resultado	IR 4.1.03: Usuarios/as da CRVTG (de televisión e radiooíntes).
Planificación relacionada co obxectivo	
Principais liñas de actuación	Accións de mellora e ampliación da rede de infraestruturas de comunicación e radiodifusión. Emisión e produción de contidos de calidade de radio e televisión en galego.
Principais indicadores de produtividade	Estudos, informes e traballos técnicos. Actuacións de infraestrutura de comunicación e radiodifusión. Portais en redes sociais. Webs do catálogo. Emisión de programas de radio. Emisión de programas de televisión.
Programas de gasto	461B: Radiodifusión e TVG.

Título do Obxectivo estratéxico	OE 4.1.04: Mellorar o uso e a calidade das TIC e o acceso ás mesmas.
Diagnóstico	<p>Galicia é a CA onde máis crecen as contratacións de servizos de banda larga no ámbito das TIC nos fogares e a terceira en incremento do uso de Internet pola poboación no período 2009-2014, aínda que ambos están por debaixo da media de España e da UE.</p> <p>No acceso a Internet dos fogares obsérvase un proceso de converxencia co conxunto de España e a UE-28, presentando un diferencial en 2014 de 5 e 10 puntos, respectivamente. O nivel de uso da e-Administración en 2014 pola cidadanía mellora con respecto a anos anteriores e mesmo supera á española. Os usos máis altos danse nas consultas de información, pero só un 40,6% envía formularios cubertos.</p> <p>No caso das empresas, en 2014, a diferenza respecto á UE-28 das que dispoñen de páxina web situouse nos 2,4 puntos porcentuais, favorable ás europeas, mellorando o diferencial de 2013 que foi de 8,6 puntos porcentuais. Con respecto a España, o diferencial é de 4,2 puntos.</p> <p>A interacción coa Administración Pública por parte das empresas para a presentación de impresos é baixa (dous terzos das empresas), un 75% fai a declaración de impostos de forma electrónica, porcentaxe similar á de España.</p>
Necesidades Retos	<p>Avanzar cara a unha administración aberta e transparente que permita a relación integral coa cidadanía e empresas a través da administración electrónica.</p> <p>Desenvolver servizos públicos dixitais en todos os ámbitos de goberno que melloren a calidade de vida dos cidadáns e cidadás e que garantan a súa autonomía persoal.</p> <p>Lograr unha cidadanía altamente competente no ámbito dixital e completamente integrada na sociedade do coñecemento.</p> <p>Conformar un sector TIC competitivo e innovador, catalizador doutros sectores estratéxicos da economía a partir da innovación e especialización tecnolóxica.</p> <p>Evolucionar cara a un sector empresarial integrado totalmente na economía do coñecemento.</p> <p>Dispoñer de infraestruturas de telecomunicacións de última xeración tractoras de novos servizos que posibiliten un maior achegamento da cidadanía á sociedade do coñecemento.</p>
Resultados que se pretende conseguir	Acadar a modernización tecnolóxica dos servizos públicos mediante proxectos vinculados á Administración electrónica e consolidar o e-Goberno e a incorporación das TIC e as novas posibilidades de xestión que estas ofrecen á Administración Pública para facilitar e facer máis eficientes as relacións coa cidadanía e as empresas.
Indicador de resultado	<p>IR 4.1.04.a: Persoas que interactuaron coa Administración por Internet para obter información.</p> <p>IR 4.1.04.b: Empresas de máis de dez traballadores e traballadoras que presentan impresos á Administración de forma electrónica</p> <p>IR 4.1.04.c: Empresas con menos de dez empregados que presentan impresos á Administración de forma electrónica.</p>

Planificación relacionada co obxectivo	<p>Axenda Dixital de Galicia; Estratexia Galega de Crecemento Dixital; Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3); Plan de administración e goberno dixitais. Horizonte 2020; Plan e-xustiza; Plan para o fomento da educación dixital; Plan de modernización dos servizos sociais; Plan de inclusión dixital de Galicia 2020; Plan smart turismo; Plan para a xestión dixital do patrimonio; Plan para a modernización da xestión territorial; Pacto dixital; Programa transforma TIC; Plan peme dixital; Plan para a calidade e seguridade de infraestruturas críticas; Plan banda larga ultrarrápida Galicia 2015-2020.</p>
Principais liñas de actuación	<p>Valorización da Administración: avanzar cara a unha Administración dixital innovadora.</p> <p>Accións que potencien o uso das TIC na cidadanía.</p> <p>Aceleración da Economía Dixital promovendo a incorporación das TIC, tanto nos procesos internos como de negocio, nas empresas.</p> <p>Estímulo ao Crecemento do Sector TIC.</p> <p>Articulación dixital do territorio.</p>
Principais indicadores de produtividade	<p>Número de usuarios/as que teñen acceso ou están cubertos polas aplicacións/servizos de Administración electrónica.</p> <p>Número de empresas que reciben axudas.</p> <p>Número adicional de fogares con acceso a banda ancha de ao menos 30 Mbps.</p> <p>Poboación escolar que esta cuberta polos servizos públicos electrónicos educativos.</p> <p>Órganos xudiciais cubertos polo Expediente xudicial electrónico.</p> <p>Número usuarios/as rede CeMIT.</p> <p>Número de procedementos teletramitables que se crean ou melloran coa operación.</p>
Programas de gasto	<p>571A: Fomento da sociedade da información e do coñecemento.</p>

2.4.2. Conservación e promoción da riqueza cultural de Galicia

EIXE 4 SOCIEDADE DIXITAL, LINGUA, CULTURA E REFORZO DO PESO DE GALICIA NO SEU ENTORNO	
Prioridade de actuación	PA.4.2: Conservación e promoción da riqueza cultural de Galicia.
Retos estratéxicos	<ul style="list-style-type: none"> ■ Protección, conservación e recuperación dos Camiños de Santiago, da promoción e xestión de actuacións arqueolóxicas, da conservación e difusión das coleccións museográficas e das obras de conservación e restauración do patrimonio histórico promovidas pola Xunta de Galicia. ■ Inventario e protección do patrimonio cultural de Galicia como parte da súa identidade e fonte de riqueza. ■ Dixitalización dos fondos bibliográficos. ■ No que atinxe á cidade da cultura: <ul style="list-style-type: none"> ■ Ofertarlle á cidadanía unha actividade e programación de calidade, acorde coa magnitude do contedor arquitectónico da cidade da cultura. ■ Constituír á cidade da cultura de Galicia como o espazo natural de desenvolvemento, proxección e fomento da innovación do sistema cultural galego. ■ Converterse nun polo de desenvolvemento que contribúa á dinamización do tecido produtivo, ao incremento dos niveis de renda e emprego e á mellora da competitividade do territorio, a través dun proxecto economicamente sostible e socialmente rendible. ■ Impulsar o uso da lingua galega como principal referencia de identidade galega, tal e como se mostra nos contidos da cultura que nos é propia. ■ Promover a lingua galega como vínculo de unión entre todas e todos os galegos nunha sociedade que demanda de xeito maioritario, o uso pacífico, libre e sen confrontacións das dúas linguas oficiais. ■ Buscar a implicación dos sectores sociais máis representativos e dinamizadores da sociedade para involucralos no proceso de consolidación e modernización do idioma. ■ Pór en valor a vantaxe da condición que temos os galegos/as de bilingües para a adquisición de coñecementos noutras linguas. ■ Avanzar no desenvolvemento de normas de protección e extensión da lingua galega, tendo como base o ámbito normativo do que Galicia se dotou de xeito unánime. ■ Impulsar unha industria cultural galega baseada nos servizos vinculados á lingua e cultura de Galicia. A nosa lingua e cultura non só son os valores máis representativos da nosa identidade, senón que, ademais, permiten crear valor engadido e, xa que logo, emprego. Estas políticas atopan renovadas oportunidades baseadas nas novas tecnoloxías, que permiten unha grande difusión nomeadamente entre os países lusófonos. ■ Establecer liñas de fomento do emprego do galego no ámbito xurídico e da administración no seu conxunto, co fin de avanzar na implantación do idioma en ámbitos nos que historicamente se viu relegado a un plano distinto do que lle correspondería ocupar. ■ Desenvolver actuacións de dinamización lingüística preto do tecido asociativo galego, por ser este un ámbito de especial interese para alcanzar unha normalidade de uso do idioma. Establecer novos cursos de galego específicos para profesionais da sanidade, sector financeiro e medios de comunicación.

Retos estratéxicos	<ul style="list-style-type: none"> ■ Establecer o plan de fomento do uso do galego entre a xuventude. Impulso do uso do galego por parte da mocidade, con especial atención aos seus ámbitos de uso preferentes, especialmente no que atinxe ás novas tecnoloxías e redes sociais, máis tamén na música e demais artes escénicas de preferencia para a xuventude. ■ Promoción, de xeito especial, da mellora das actitudes respecto ao galego nos ámbitos máis urbanos. ■ Impulsar gañar máis espazos de uso nas TIC, coa creación de software en galego, así como deseño de contidos que favorezan a implantación do galego nas novas tecnoloxías. ■ Prestar especial atención á industria editorial con produción en galego, como soporte fundamental da lingua. ■ Establecer o Plan de dinamización do tecido produtivo. Plan global de actuación coas empresas e entidades comerciais, para incrementar o uso do galego como lingua de traballo no sector industrial e nas relacións entre as distintas entidades de natureza económica. ■ Aumentar as relacións cos países de fala portuguesa e tamén coas autonomías onde ten espazo o galego, especialmente León, Extremadura e Asturias.
Planificación sectorial	<p>Estratexia da cultura galega 2015-2020 (en proceso de elaboración). Plan de protección e conservación do patrimonio cultural galego (en proceso de elaboración). Plan Gaias 2012-2018. Plan xeral de normalización lingüística. Plan estratéxico de xuventude 2014-2016. Plan de dinamización lingüística no tecido económico 2015-2020.</p>
Programas de gasto	431A, 432A, 433A, 151A.

Título do Obxectivo estratéxico	OE 4.2.01: Fortalecer a programación e os servizos dispoñibles nas bibliotecas, arquivos, museos e centros de interpretación, para lograr a participación activa da cidadanía como usuaria destes servizos e como consumidora dunha oferta cultural de calidade.
Diagnóstico	<p>A Rede de Bibliotecas de Galicia integra 398 bibliotecas e axencias de lectura no 82% dos concellos, con máis de 800.000 usuarios/as directos.</p> <p>O número de títulos editados descende desde 2008 case un 40%. Desde 2008, a edición do libro en galego presenta unha perda da terceira parte da facturación e da tiraxe, e de máis do 13% do número de editoriais.</p> <p>Un 25% da poboación visitou museos, porcentaxe 5 puntos inferior á do Estado.</p>
Necesidades Retos	<p>Corrixir o desequilibrio territorial na calidade da prestación do servizo bibliotecario. Incrementar a presenza do libro en galego nas coleccións e a dixitalización e difusión a través da Biblioteca Dixital de Galicia.</p> <p>Aumentar a lectura na poboación galega. Incorporación da produción editorial aos novos soportes de lectura e ás canles de distribución derivada do uso de Internet e ampliando os eidos de edición.</p> <p>Potenciar a xestión documental da Administración autonómica.</p> <p>Ampliar as coleccións dos museos e os centros de interpretación do patrimonio cultural e diversificar e completar as temáticas representadas, promovendo actividades máis innovadoras que procuren a integración e a presenza dos colectivos sociais máis débiles.</p>
Resultados que se pretende conseguir	Incremento da participación da sociedade nas actividades das bibliotecas, arquivos, museos e centros de interpretación, así como o aumento da oferta dos seus servizos, contidos e produtos.
Indicador de resultado	IR 4.2.01: Número de asistentes ás actividades culturais realizadas nas bibliotecas, museos, e arquivos, así como nos centros de interpretación.
Planificación relacionada co obxectivo	<p>Estratexia da cultura galega 2015-2020. En relación a este obxectivo estratéxico, este plan estará integrado polos seguintes plans sectoriais:</p> <p>Plan do libro, bibliotecas públicas e propiedade intelectual.</p> <p>Plan de arquivos.</p> <p>Plan da lectura de Galicia.</p> <p>Plan de protección e conservación do patrimonio cultural galego.</p> <p>Todos os plans citados (o xeral e os sectoriais) atópanse en proceso de elaboración.</p> <p>Plan Gaiás 2012-2018.</p>
Principais liñas de actuación	<p>Elaboración dun “plan da lectura de Galicia” e mellora do sistema de acceso aos servizos bibliotecarios a través da virtualización e automatización dos servizos da Rede de Bibliotecas de Galicia.</p> <p>Impulsar e facer operativo o sistema de arquivos de Galicia.</p> <p>Preservar e promover as actividades e os contidos dos museos e centros de interpretación do patrimonio cultural.</p>

**Principais
indicadores
de
produtividade**

Número de usuarios/as da rede de bibliotecas de Galicia.
Número de axudas concedidas para a creación literaria en lingua galega ou á tradución.
Número de actividades culturais planificadas e executadas nas bibliotecas, museos e arquivos, así como nos centros de interpretación.
Bibliotecas, arquivos, museos e centros de interpretación dotadas de novos equipamentos.
Bibliotecas dotadas con fondos bibliográficos.

**Programas
de gasto**

432A: Bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais.



Título do Obxectivo estratéxico	OE 4.2.02: Protexer, conservar, poñer en valor e difundir o patrimonio cultural.
Diagnóstico	Os bens declarados de interese cultural en Galicia representan o 4,2% dos do Estado. O 82% dos mesmos son monumentos. Hai catro bens galegos na Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO dentro dos 51 de España, que, á súa vez, ocupa o terceiro lugar a nivel mundial.
Necesidades Retos	<p>Aumentar as accións destinadas a investigar e ampliar o coñecemento sobre o patrimonio galego, incrementar a súa diversidade e incorporar patrimonios emerxentes de interese relevante.</p> <p>Axilizar e incrementar a incorporación dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia ás distintas categorías de protección.</p> <p>Fomentar os estudos sobre as necesidades de conservación do patrimonio cultural e as actuacións destinadas á conservación, restauración e rehabilitación deste.</p> <p>Promover a difusión e a posta en valor do patrimonio cultural, que se pon ao servizo da cidadanía, facilitando o acceso, a súa interpretación, así como o seu coñecemento.</p>
Resultados que se pretende conseguir	Incremento do patrimonio cultural de Galicia e mellora do seu estado de conservación e a situación e condicións de acceso a el por parte da cidadanía.
Indicador de resultado	IR 4.2.02 Bens declarados de interese cultural (BIC).
Planificación relacionada co obxectivo	Plan de protección e conservación do patrimonio cultural galego (en proceso de elaboración).
Principais liñas de actuación	<p>Protección do patrimonio cultural coa incorporación ao mesmo de bens que posúan valores culturais e co desenvolvemento de catálogos municipais e do Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia.</p> <p>Conservación, restauración, rehabilitación e posta en valor de bens que integran o patrimonio cultural.</p> <p>Difusión e ampliación do coñecemento sobre o patrimonio cultural.</p>
Principais indicadores de produtividade	<p>Número de obras de conservación, restauración e protección realizadas.</p> <p>Número de proxectos en materia de protección e promoción do patrimonio cultural.</p> <p>Entidades beneficiadas.</p> <p>Aumento do número de visitas previstas a lugares pertencentes ao patrimonio cultural e natural e atraccións subvencionadas.</p> <p>Intervencións realizadas nos xacementos arqueolóxicos de Galicia.</p>
Programas de gasto	433A: Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural.

Título do Obxectivo estratéxico	OE 4.2.03: Difundir a conveniencia de empregar a lingua galega nos distintos eidos da sociedade prestando especial atención a franxa de poboación máis nova, así como ao tecido económico/empresarial e as súas relacións comerciais con países de fala portuguesa, propiciando un clima que favoreza o uso cotiá do galego.
Diagnóstico	<p>No ano 2013 o 57,3% dos galegos e galegas de 5 ou máis anos manifesta que sabe falar o galego moito, o 29,6% bastante e o 13,1% pouco ou nada, porcentaxe que aumenta ata o 22,7% nas persoas menores de 15 anos.</p> <p>O 31,2% dos galegos e galegas habitualmente fala sempre en galego, porcentaxe similar á do ano 2008.</p> <p>O uso do galego é desigual dependendo da idade da poboación, así, o 52,7% das persoas maiores de 65 anos fala habitualmente en galego mentres que nos rapaces e rapazas de entre 5 e 15 anos soamente acada un 13,2%.</p> <p>No ámbito laboral, o 30,1% das persoas ocupadas galegos fala sempre en galego cos compañeiros e compañeiras de traballo e o 18,4% utiliza máis galego ca castelán.</p> <p>No 22,2% dos fogares galegos todos os seus membros de 5 ou máis anos falan habitualmente só en galego.</p>
Necesidades Retos	<p>Fomentar e difundir a conveniencia de usar do galego nos diferentes sectores da sociedade principalmente nos considerados prioritarios e estratéxicos.</p> <p>Desenvolver actividades de formación do galego.</p>
Resultados que se pretende conseguir	Acadar unha maior presenza e coñecemento do galego na sociedade.
Indicador de resultado	IR 4.2.03: Persoas, agrupadas por sectores, receptoras das distintas actividades de difusión, dinamización e normalización da lingua galega (sector económico, mocidade, familiar, sector académico).
Planificación relacionada co obxectivo	<p>Plan xeral de normalización lingüística.</p> <p>Plan estratéxico de xuventude 2014-2016.</p> <p>Plan de dinamización lingüística no tecido económico 2015-2020.</p>
Principais liñas de actuación	<p>Continuar co proceso de normalización lingüística en desenvolvemento do Plan xeral de normalización da lingua galega.</p> <p>Accións de fomento do uso da lingua galega na sociedade apoiando a creación, mantemento e reforzamento dos servizos lingüísticos e a realización de programas de dinamización lingüística.</p> <p>Accións de fomento do uso da lingua galega no ámbito empresarial.</p> <p>Manter en función da demanda as actividades de formación en galego e os cursos de aprendizaxe en lingua galega.</p>
Principais indicadores de produtividade	<p>Actuacións de formación e dinamización social do galego.</p> <p>Campañas de difusión e promoción.</p> <p>Subvencións para a promoción da lingua galega.</p> <p>Axudas concedidas.</p> <p>Participantes en actividades de formación, desagregados por sexo.</p> <p>Convenios e/ou acordos asinados.</p>
Programas de gasto	151A: Fomento da lingua galega.

Obxectivos instrumentais	Programas de gasto
<p>OI.4.2.01: Contribuír á conservación da riqueza cultural de Galicia.</p> <p>Principais liñas de actuación:</p> <ul style="list-style-type: none">■ Actuacións de soporte aos servizos xerais de cultura.■ Actuacións de promoción e difusión do patrimonio cultural de Galicia como recurso turístico.	431A



2.4.3. Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado

EIXE 4 SOCIEDADE DIXITAL, LINGUA, CULTURA E REFORZO DO PESO DE GALICIA NO SEU ENTORNO	
Prioridade de actuación	PA.4.3: Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado.
Retos estratéxicos	<p>Consolidar as institucións da autonomía, co fin de reforzar as funcións esenciais que teñen encomendadas nos eidos político, económico e social de Galicia tanto no Estatuto como nas súas leis de desenvolvemento, perfeccionándose para garantir que a súa actuación, e especialmente a do Goberno, se axuste realmente aos principios de transparencia, rigor no gasto e bo goberno, intensificando permanentemente os mecanismos de control.</p> <p>Reforma da Lei da Xunta e da súa Presidencia, para que constituía a norma institucional básica que regule a estrutura e actividade do goberno de Galicia, tratando de que sexa unha institución máis cercana ás necesidades e ao sentir da cidadanía, consolidando nunha norma o compromiso cos principios de austeridade, eficacia e eficiencia no deseño e funcionamento da Xunta de Galicia.</p> <p>Mellorar o funcionamento da administración de xustiza a través da modernización das infraestruturas e o uso das TIC.</p> <p>Impulsar as actuacións de racionalización do gasto corrente no eido xudicial, implantando catálogos únicos para a adquisición de material ou de servizos asociados ao funcionamento da xustiza, como os de tradución, interpretación ou asistencia pericial.</p> <p>Estudar e analizar a través da Comisión Mixta co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a situación dos órganos xudiciais para a creación daquelas unidades xudiciais necesarias e o reforzo daquelas xurisdicións mais necesitadas, conforme ao exposto nas memorias do TSXG.</p> <p>Estudar e aprobar a elaboración dun novo Plan de Infraestruturas Xudiciais.</p> <p>Rematar a integración do Consello Galego da Competencia e o Instituto Galego de Consumo nun único ente, e a integración do Consello Económico e Social e o Consello Galego de Relacións Laborais nun único ente.</p> <p>Intensificar as relacións bilaterais co Estado e de cooperación coas restantes CC.AA., no seo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado –Comunidade Autónoma de Galicia e da Conferencia de Presidentes, que son un instrumento esencial de cooperación e entendemento entre ambas administracións. A intensificación da cooperación horizontal entre as Comunidades Autónomas. Ademais de continuar apoiando o debate da reforma do Senado.</p> <p>Garantir o papel destacado que lle corresponde a Galicia no seo do Comité das Rexións, cámara de representación territorial dos entes locais e rexionais en Europa e no que Galicia ten na actualidade un destacado liderado.</p>

Retos estratéxicos	<p>Aproveitamento da Fundación Galicia Europa como eficaz instrumento tanto para a difusión dos temas europeos, como para a xestión dos asuntos de interese para Galicia perante as institucións comunitarias. Consolidación e ampliación do impacto da Rede de Galeg@s en Bruxelas.</p> <p>Intensificar o traballo e a acción política da Xunta de Galicia co Parlamento Europeo, única institución democrática elixida directamente polos cidadáns e que ten que representar por tanto aos pobos de Europa, tentando mostrar o punto de vista de Galicia sobre as diferentes actuacións da cámara para defender os nosos intereses. Seguir a apoiar a iniciativa para que nos Consellos de Ministros de Pesca da UE a rotación das CC.AA se realice exclusivamente entre as que son marítimas.</p> <p>Mellora da coordinación coa administración do Estado e os seus órganos especializados para ser máis eficaces ter máis influencia na defensa dos nosos intereses perante as institucións comunitarias cando as propostas están no proceso de formación.</p> <p>Liderar dende Galicia a creación dun Intergrupo sobre o desafío demográfico, co obxectivo de que Europa invista máis e mellor na superación desta preocupante situación para o conxunto da UE.</p> <p>Desenvolver o Plan de Investimentos Conxuntos (PIC) da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal para o período 2014-2020. Contando para iso con todos os axentes da rexión, en particular, co Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular.</p> <p>Impulsar a execución da Estratexia de Investigación e Innovación para a especialización intelixente, da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal de cara a acadar vantaxes competitivas, integrando ademais institucións de base privada.</p> <p>Consolidar a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia – Norte de Portugal, como ferramenta que permita desenvolver proxectos con financiamento europeo en moi diversos eidos.</p> <p>Utilizar a Macrorrexión RESOE como proxecto dunha Macrorrexión Atlántica que entre de cheo nas novas estratexias e que condicione o deseño das futuras políticas públicas europeas.</p>
Planificación sectorial	<p>Plan de infraestruturas xudiciais.</p> <p>Plan de sistemas TIC de xustiza.</p> <p>Plan de investimentos conxuntos Galicia-Norte de Portugal.</p>
Programas de gasto	<p>111A, 111B, 111C, 111D, 111E, 121C, 131A, 161A, 212A, 811C.</p>

Título do Obxectivo estratéxico	OE 4.3.01: Mellorar a capacidade institucional e a eficiencia da administración de xustiza en Galicia.
Diagnóstico	Dos 431 partidos xudiciais existentes en España, Galicia é a terceira comunidade autónoma en número de Partidos Xudiciais (45) o que reflicte o grado de dispersión da poboación de Galicia respecto da media española. Galicia conta con 12 xuíces por cada 100.000 habitantes, un punto por riba da media estatal. O presuposto en xustiza é de 45,8 €/por habitante. Os asuntos xudiciais ingresados en Galicia supoñen o 5,4% do conxunto do Estado. A taxa de litixiosidade en Galicia (167,8) é inferior á media nacional (183,2). A taxa de conxestión dos órganos xudiciais radicados en Galicia (1,4) é superior á media nacional (1,3). A taxa de resolución (1,0) atópase nos mesmos parámetros da media nacional. A taxa de pendencia (0,3) é consonte a media nacional.
Necesidades Retos	<p>Dotar a todos os partidos xudiciais das infraestruturas precisas para o desempeño axeitado da súa labor e mellorar a eficiencia enerxética da administración de xustiza en Galicia.</p> <p>Evolucionar os sistemas de información de xestión dos órganos e servizos xudiciais, renovar e adecuar as infraestruturas de telecomunicacións e impulsar novas solucións tecnolóxicas.</p> <p>Implantar medidas de actuación en materia de protección de datos de carácter persoal.</p> <p>Implantar de modo efectivo o expediente xudicial electrónico e a sede electrónica xudicial.</p> <p>Impulsar os cambios organizativos necesarios para implantar a nova oficina xudicial e fiscal.</p> <p>Acadar unha dotación adecuada de medios humanos e materiais, nomeadamente os tecnolóxicos, ao servizo do Instituto de Medicina Legal de Galicia.</p> <p>Impulsar medidas alternativas á solución de conflitos.</p> <p>Evolucionar o soporte informático das Comisións de Asistencia Xurídica Gratuíta de Galicia coa finalidade de axilizar a súa xestión.</p>
Resultados que se pretende conseguir	A mellora da capacidade institucional e da eficiencia da administración de xustiza en Galicia, adaptando as súas estruturas físicas e organizativas e establecendo unha conexión directa cun plan de implantación das novas tecnoloxías.
Indicador de resultado	IR 4.3.01: Taxa de resolución (cociente entre os asuntos resoltos e os ingresados).
Planificación relacionada co obxectivo	Plan Senda. Plan de Infraestruturas xudiciais. Plan de implantación da nova oficina xudicial e fiscal.

<p>Principais liñas de actuación</p>	<p>Modernización e adaptación das infraestruturas sobre as que se presta este servizo.</p> <p>Implantación de novas solucións tecnolóxicas.</p> <p>Avanzar no desenvolvemento das ferramentas e da formación necesarias para implantar o expediente xudicial electrónico, consonte ás previsións legais contidas, esencialmente, na Lei 18/2011 reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de xustiza.</p> <p>Implantación da nova oficina xudicial e fiscal.</p> <p>Medidas para a modernización e achegamento á cidadanía da Administración de Xustiza.</p>
<p>Principais indicadores de produtividade</p>	<p>Novas infraestruturas xudiciais ou rehabilitacións das existentes.</p> <p>Servizos postos en marcha de acordo co novo modelo organizativo de oficina xudicial e fiscal.</p> <p>Expedientes xudiciais expurgados.</p> <p>Entidades beneficiarias.</p> <p>Persoas beneficiarias, desagregadas por sexo.</p> <p>Funcionarios adscritos aos novos servizos creados.</p>
<p>Programas de gasto</p>	<p>131A: Administración de Xustiza.</p>

Título do Obxectivo estratéxico	OE 4.3.02: Consolidar unha Administración eficiente que ofrezca unha resposta integral ás necesidades que demanda a cidadanía en materia de emerxencias, protección civil e seguridade pública, atendendo aos criterios de formación, especialización e innovación tecnolóxica.
Diagnóstico	<p>O cambio climático é unha ameaza ambiental, social e económica. Galicia enfróntase a un maior risco de incendios forestais (o 40% dos sinistros españois prodúcense en Galicia), incidencia na erosión e alteración dos recursos hídricos como seca e inundacións.</p> <p>O número de accidentes de tráfico con vítimas reduciuse nos últimos anos, representando o 4% do total de España. O índice de incidencia de accidentes laborais reduciuse 28 puntos desde 2008.</p>
Necesidades Retos	<p>Potenciar un servizo público de seguridade de calidade, máis eficaz e eficiente, modernizando e potenciando o sistema de atención ás emerxencias e creando un mapa de emerxencias de todo o territorio.</p> <p>Formar ao persoal do sistema integrado de Protección Civil, Emerxencias e Seguridade Pública.</p> <p>Potenciar a colaboración coas Administracións Públicas e organismos con competencias nas materias de seguridade e xestión de emerxencias.</p>
Resultados que se pretende conseguir	Garantir un ámbito de protección e seguridade da cidadanía fronte as situacións que alteren a normal convivencia, e das derivadas de graves riscos, catástrofes ou calamidade pública a través dun sistema integrado de protección civil.
Indicador de resultado	IR 4.3.02: Tempo medio transcorrido entre as chamadas e a mobilización de medios.
Planificación relacionada co obxectivo	<p>Plan territorial de Galicia (PLATERGA).</p> <p>Plan Emerxe 2015-2020 (en proceso de elaboración).</p>
Principais liñas de actuación	<p>Dimensionamento dos teléfonos de información á cidadanía existentes e implantación dun novo mapa de atención ás emerxencias coa modernización e mellora da atención á poboación.</p> <p>Profesionalización dos servizos de emerxencia.</p> <p>Accións de formación, actualización e especialización na AGASP ao distinto persoal de protección civil e seguridade pública.</p> <p>Potenciación da seguridade pública a través do Corpo Nacional de Policía Adscrita á Xunta de Galicia (UPA).</p>
Principais indicadores de produtividade	<p>Poboación atendida polo sistema de atención ás emerxencias.</p> <p>Profesionais de intervención ante urxencias.</p> <p>Participantes en actividades de formación, desagregados por sexo.</p> <p>Poboación beneficiada pola actuación e que diminúe o seu risco.</p>
Programas de gasto	212A: Protección civil, emerxencias e seguridade da comunidade autónoma.

Obxectivos instrumentais	Programas de gasto
<p>OI. 4.3.01: Fortalecer a acción exterior de Galicia, especialmente nas relacións coa Unión Europea e na cooperación transfronteiriza.</p> <p>Principais liñas de actuación:</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Accións para a promoción, impulso e fortalecemento da acción exterior de Galicia e apoio á presenza efectiva da Xunta naqueles foros de ámbito comunitario abertos á participación autonómica. ■ Xestión, seguimento, avaliación e control dos fondos comunitarios destinados ao Programa INTERREG V-A España Portugal (POCTEP) 2014-2020. 	111E
<p>OI. 4.3.02: Impulsar a coordinación co Parlamento e a dos distintos departamentos da Xunta de Galicia para evitar que se solapen competencias co Estado e coas demais comunidades autónomas.</p> <p>Principais liñas de actuación:</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Accións de mellora e axilización da tramitación parlamentaria das diferentes iniciativas gobernamentais. ■ Actuacións orientadas a garantir a correcta xestión e publicidade do Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. ■ Accións que reduzan a conflictividade competencial mediante resposta áxil, idónea e axeitada ás diferentes interferencias normativas nacionais e autonómicas. 	121C
<p>OI.4.3.03: Contribuír a avanzar no autogoberno dunha autonomía histórica que achegue a Galicia ás rexións europeas máis desenvolvidas e con maior calidade de vida.</p> <p>Principais liñas de actuación:</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Contribuír a avanzar no autogoberno dunha autonomía histórica que achegue a Galicia ás rexións europeas máis desenvolvidas e con maior calidade de vida (Presidencia da Xunta). ■ Contribuír coa actividade legislativa a avanzar no autogoberno dunha autonomía histórica que achegue a Galicia ás rexións europeas máis desenvolvidas e con maior calidade de vida. ■ Contribuír co control externo do sector público a avanzar no autogoberno dunha autonomía histórica que achegue a Galicia ás rexións europeas máis desenvolvidas e con maior calidade de vida. ■ Contribuír co Alto asesoramento da CA de Galicia a avanzar no autogoberno dunha autonomía histórica que achegue a Galicia ás rexións europeas máis desenvolvidas e con maior calidade de vida. ■ Contribuír coas transferencias a entidades locais (EELL) por participación nos ingresos da CA a avanzar no autogoberno dunha autonomía histórica que achegue a Galicia ás rexións europeas máis desenvolvidas e con maior calidade de vida. ■ Contribuír con outras transferencias a EELL a avanzar no autogoberno dunha autonomía histórica que achegue a Galicia ás rexións europeas máis desenvolvidas e con maior calidade de vida. 	111A 111B 111C 111D 811C 161A